



María Reimóndez (centro), con Leticia Costa e Eduardo Santiago. EP

A luguesa María Reimóndez gaña o premio Xerais con 'Dende o conflito'

- ▶ O xurado valorou da novela da gañadora que é unha obra «sobre a esencia das cousas que son realmente importantes na vida»
- ▶ A escritora acada con 39 anos o galardón máis importante en lingua galega cun libro sobre xornalismo, pero tamén sobre a miseria

«Cumprín un dos meus soños»

«Recibir o Xerais supón cumprir un dos soños máis importantes que sempre tiveron como autora», manifestou Reimóndez, quen considerou o galardón «como un recoñecemento» ao seu xeito de «estar en sociedade como autora» e «un reforzo aos seus esforzos» por facer da escritura «unha forma de transformación social».

AGENCIAS

SANTIAGO. María Reimóndez, Leticia Costas e Eduardo Santiago foron os gañadores dos premios Xerais que onte se fallaron na illa de San Simón e que están dotados con 10.000 euros cada un.

María Reimóndez (Lugo, 1975) coa súa obra 'Dende o conflito' foi seleccionada polo xurado como a gañadora da XXXI edición do premio Xerais de novela.

Mentres, Leticia Costas (Vigo, 1979) recibiu o premio Merlín de literatura infantil, pola súa obra 'Escarlatina. A cociñeira defunta' e Eduardo Santiago (Pontevedra, 1964) resultou gañador coa súa obra 'O gran reino' do premio Jules Verne de literatura infantil, que

celebra a súa sexta edición.

O xurado destacou que a obra de Reimóndez é unha novela sobre o xornalismo, sobre a guerra, sobre o abismo entre o norte e o sur, sobre a pobreza, sobre a fame, a miseria e a marxinação.

«Pero, moi especialmente, é unha novela sobre os afectos, sobre o valor da amizade, do amor, da diversidade e a contradición dos sentimentos. En definitiva, sobre a esencia das cousas que ao final son as realmente importantes na vida», apunta o xurado.

CRIATURAS DO INFRAMUNDO.

Sobre a obra de Costas, gañadora do premio Merlín, o xurado apunta que supón «un singular recetario para criaturas do inframundo, toda unha exquisitez literaria, elaborado con esmero na súa cociña creativa, a partir dunha receita na que todos os seus compoñentes e procedementos foron coidadosamente meditados e que dá como resultado unha narración que ofrece múltiples posibilidades culinarias».

O tradutor Xavier Senín, que actuou como condutor da velada,

recordou no seu discurso, 'Agasallar palabras', as referencias que Jules Verne fai, no seu libro 'Vinte mil leguas de viaxe submarina', ás augas da ría de Vigo, «impregnadas de luz eléctrica».

Senín reivindicou o pracer da lectura, da lectura en galego, en particular, recordou os primeiros autores que lle marcaron e cargou contra os recortes en bibliotecas, xa que estes centros actúan como «a gran niveladora social polo seu carácter gratuito e universal, que forma parte da súa esencia tanto como o saber que atesouran».

O xurado tamén destacou a obra 'O gran reino', de Eduardo Santiago, gañadora do premio Jules Verne de literatura xuvenil, pola súa mestura de capítulos da realidade literaria cos fantaseados polo seu protagonista nos momentos de vulnerabilidade.

«As entradas e saídas nese mundo fantástico creado pola protagonista conceden aos lectores un respiro na intensa narración dunha vida adolescente marcada pola anorexia, a tolemia e a falta de agarimo dos pais», asegura Xerais.